

DEPTO. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

4º ESO

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN A TER EN CONTA PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Usos e formas da comunicación oral e escrita.

1.1. A comunicación oral: formas do discurso, fontes de documentación, tipos de textos.

1.2. A comunicación escrita: formas do discurso, fontes de documentación, tipos de textos.

1.3. Rexistros lingüísticos.

1.4. Tipos de texto:

1.4.1. Textos dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.

1.4.2. Textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.

2. A lingua como obxecto de coñecemento.

2.1. Categorías gramaticais: identificación, uso, valores expresivos.

2.2. Formación de palabras. Lexemas, prefixos, sufixos e o seu significado.

2.3. A oración composta. Tipos e subtipos.

2.4. O texto como unidade de sentido. Coherencia e cohesión textuais.

2.5. As normas de uso e as convencións ortográficas: ortografía do discurso, vulgarismos, expresións dubidosas.

3. A educación Literaria.

3.1. A literatura como produto lingüístico e estético.

3.2. A literatura como expresión histórico-social: dende o s. XVIII ata a actualidade.

3.3. A evolución dos xéneros, das tendencias, dos autores e as súas obras dende o século XVIII ata a actualidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecidos para este curso son:

- Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.
- Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.
- Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.
- Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e

formatos.

- Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.
- Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.
- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Escribir textos en relación co ámbito de uso.
- Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.
- Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
- Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.
- Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.
- Analizar sintacticamente oracións simples e compostas.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.
- Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.
- Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.
- Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
- Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.
- Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
- Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Sobre os contidos explicados na clase: 80% da nota final da avaliación.

ACTITUDE E TRABALLO: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, o comportamento, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos e exames: 20%

Neste apartado valorarase que o alumno non sexa sancionado con apercibimentos e/ou repetidas faltas de orde e que o seu comportamento se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LECTURAS OBRIGATORIAS: Os libros de *lectura obrigatoria*, un por avaliación, terán carácter *eliminatorio*, isto é, o alumno non aprobará a materia sen a lectura destes libros e a superación da proba correspondente.

A cualificación desta proba terá en conta os seguintes criterios:

- Se o alumno obtén unha cualificación inferior ao 5, a proba é Non Apta.
- Se o alumno obtén entre un 5 e un 7, sumarase 0.25 na nota da avaliación.
- Se o alumno obtén máis dun 7, sumarase 0.5 na nota da avaliación.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA: Descontarase 0,1 puntos por cada til incorrecto e 0.25 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos.

Realizarase un mínimo de dúas probas ou exames de contidos en cada avaliación. A nota mínima que o alumno debe acadar en cada exame parcial para establecer a nota media da avaliación é de 3,5.

Para facilitar o proceso de avaliación continua, a nota das distintas avaliacións terá en conta, ademais do sinalado con anterioridade, as seguintes ponderacións:

NOTA DA 1ª AVALIACIÓN: 40% da nota obtida no primeiro exame+60% da nota obtida no segundo exame da avaliación.

NOTA DA 2ª AVALIACIÓN: 40% da nota obtida na 1ª avaliación+60% da nota obtida nos exames e probas da 2ª avaliación, unha vez feitas as medias segundo os criterios anteriores.

NOTA DA 3ª AVALIACIÓN: 40% da nota obtida na 2ª avaliación+60% da nota obtida nos exames e probas da 3ª avaliación, unha vez feitas as medias segundo os criterios anteriores.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

A final de curso poderase establecer unha proba final para aqueles alumnos que non acaden o 5.

Para a avaliación extraordinaria de setembro establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- ✓ O profesor que así o estime poderá mandar traballo de verán a aqueles alumnos suspensos na convocatoria de xuño.

